



## DEPARTAMENTO DE MATEMÁTICAS

CURSO 2021-2022

### PROGRAMA PARA A RECUPERACIÓN DE MATERIAS PENDENTES

A avaliación da materia pendente é totalmente independente da materia do propio curso, polo cal a superación desta última non implica en ningún caso a superación automática da materia pendente.

#### Relación de exercicios e exames cuadrimestrais:

Durante o mes de outubro, o profesorado asignado fará chegar ao alumnado pendente a relación de exercicios propostos para o primeiro cuadrimestre, co obxecto de que practique a materia e lle sirvan de referencia de cara ao **primeiro exame cuadrimestral** (á volta das vacacións de Nadal) que abranguerá a primeira parte da materia.

Se o alumnado ten dúbidas relacionadas coa materia pendente, poderá ser atendido voluntariamente e de forma puntual polo profesorado que lles imparte clase no curso actual, aínda tamén estará dispoñible o Xefe de Departamento nas sesións semanais de xefatura de departamento.

O protocolo anterior repítese en xaneiro, concluindo coa realización do **segundo exame cuadrimestral** á volta das vacacións de semana santa.

A **cualificación parcial definitiva** de cada exame cuadrimestral, farase en relación a seguinte ponderación:

- A nota do exame cuadrimestral (80%).
- A nota de seguimento diario, que lle será outorgada polo profesor que lle imparta clase na materia con contidos progresivos do curso actual, en base a traxectoria do alumno ou alumna nas súas clases (20%).


O alumno ou alumna terá a materia pendente superada se acada unha **cualificación parcial definitiva** en cada un dos exames cuadrimestrais non inferior a 4,5. No caso que isto ocorra, outorgaráselle como **primeira cualificación definitiva**, a aproximación enteira por redondeo da media aritmética das cualificacións parciais definitivas, sendo esta a **nota final** que se lle fará constar na acta oficial.

#### Exame final de xuño:

En caso contrario (algunha cualificación parcial definitiva menor que 4,5), deberá presentarse a unha **proba escrita global** no período que abrangue do 8 ó 22 de xuño, que constará de **dúas seccións distintas**, correspondentes ás dúas partes en que foi dividida a materia a principios de curso. Daquela, poderá **cualificarse** cada **sección** de xeito **separado**, posibilitando así que o alumnado cun só exame cuadrimestral suspenso se **poida presentar** para **recuperar** esa **parte da materia**, unicamente. A **nova cualificación parcial definitiva** será calculada coa mesma ponderación que nos anteriores exames cuadrimestrais.

Ó alumnado (considerando agora como notas parciais definitivas, as mellores entre as obtidas nas probas cuadrimestrais e as obtidas no exame global), terá a materia pendente superada se acada unha **cualificación parcial definitiva** en cada un dos exames parciais non inferior a 4,5. No caso que isto ocorra, outorgaráselle como **segunda cualificación definitiva**, a aproximación enteira por redondeo da media aritmética das notas parciais definitivas respectivas, sendo esta a **nota final** que se lle fará constar na acta oficial.

En caso contrario, a materia quedará suspensa e a nota final que se fará constar na acta oficial, será a menor das notas entre a segunda cualificación definitiva, e un 4.



**Datas correspondentes as probas de pendentas:**

As probas de pendentas antes mencionadas, desenrolaranse, segundo a organización que estableza dirección, durante as seguintes semanas:

AVALIACIÓN MATERIAS PENDENTES	
1ª PROBA	Entre o 17 Xaneiro e o 21 de Xaneiro
2ª PROBA	Entre o 04 de Abril e o 08 de Abril
AV. ORDINARIA - XUÑO	Entre o 8 Xuño e o 22 de Xuño